



## **Proposta de adxudicación da contratación administrativa do servizo para o mantemento das licenzas da base de datos Oracle do Parlamento de Galicia.**

Con data de 8 de outubro de 2013 a Mesa do Parlamento acordou iniciar o procedemento e a apertura da fase de adxudicación da contratación administrativa dos servizos para o mantemento das licenzas da base de datos Oracle do Parlamento de Galicia, mediante procedemento negociado sen publicidade e por un valor estimado de 60.694,34 €.

Por razóns técnicas relacionadas coa protección de dereitos de exclusiva, e ao abeiro do establecido no artigo 170.d) do TRLCSP á contratación unicamente foi invitado a participar o licitador propietario en exclusiva, entre outros, dos dereitos de soporte técnico e mantemento da totalidade dos programas que integran Oracle Corporation, entre eles Oracle DataBase Enterprise Edition, obxecto desta contratación.

Con data de 10 de outubro de 2013 remitiuse invitación a Oracle Ibérica, S.R.L. para que presentara oferta valorada.

Dentro do prazo indicado na invitación formulada, con data de 16 de outubro de 2013 a empresa Oracle Ibérica, S.R.L. presentou a súa proposición (registro nº 13931).

Da análise da documentación presentada pola empresa no sobre B, e segundo informe do xefe do Servizo de Tecnoloxías da Información, a documentación axústase ao "soporte premier" requirido nos pregos, cumprindo co mínimo esixido no prego de prescricións técnicas, aínda que non ofrece ningunha mellora.

Respecto da oferta presentada no sobre "C" relativa ao prezo, o importe anual ofertado pola empresa concorrente é de 30.347,17 € (sen IVE). O orzamento anual máximo de licitación establecido no apartado 4 do cadro de especificacións é de 30.347,17 € (sen IVE), polo que o prezo ofertado non supera o orzamento de licitación establecido.

Polo tanto, constatouse que a oferta presentada por Oracle Ibérica, S.R.L. cumpre os requirimentos esixidos nos pregos de cláusulas administrativas e de prescricións técnicas.

Con data de 11 de novembro de 2013 a Mesa do Parlamento adoptou o acordo de requirir á empresa Oracle Ibérica, S.R.L. para que presentara, no prazo de dez días hábiles desde a notificación de dito Acordo, a documentación esixida na base décimo segunda, apartado 2 do prego de cláusulas administrativas, para proceder, no seu caso, á adxudicación do contrato.


O Acordo da Mesa do Parlamento foi notificado electronicamente e recibido pola empresa Oracle Ibérica, S.R.L. o 14 de novembro de 2013.

O 19 de novembro de 2013 a empresa Oracle Ibérica, S.R.L. presentou no Rexistro da Cámara a documentación requirida (registro nº 15396), incluíndo a constitución de garantía definitiva por importe de 3.034,72 € mediante o aval bancario nº NLNL1ES13H128046 outorgado pola entidade The Royal Bank of Scotland PLC, The Netherlands Branch.

En consecuencia, propónse á Mesa do Parlamento a adxudicación do contrato administrativo dos servizos para o mantemento das licenzas da base de datos Oracle, á empresa Oracle Ibérica, S.R.L., polo seguinte importe:

- Prezo anual (sen IVE): ..... **30.347,17 €**
- 21% IVE: ..... **6.372,91 €**
- Total anual: ..... **36.720,08 €**

Santiago de Compostela 25 de novembro de 2013.



Vº e prace  
O Letrado Oficial Maior  
Xosé Antón Sarmiento Méndez



Javier Freire González  
Xefe do Servizo de Réxime Interior

Mesa do Parlamento de Galicia